


Resumo informe de transparencia 2018

Lexislación aplicable

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro de 2013)
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG do 15 de febreiro de 2016)
- Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo, aprobado en sesión do Consello de Goberno o 9 de outubro do 2017

Contido do informe de transparencia

- Avaliación do cumprimento obrigas publicidade activa
- Estatísticas relativas ao dereito de acceso
- Información consultada no Portal de Transparencia
- Reclamacións contra a denegación do dereito de acceso



Publicidade activa

Dos diferentes bloques nos que está dividida a información dentro da web é o bloque de UVigo en Cifras, ao igual que no 2017, o que recibe a maior parte das visitas cun total de 44.841, as cales representan un 65,06% das visitas reais ao Portal. No devandito apartado atopamos información sobre a maior parte dos indicadores oficiais da Universidade de Vigo, que son utilizados para diversos fins, entre eles a verificación de títulos, a súa acreditación ou diversas estatísticas internas e externas. Mentres que os apartados menos visitados son os relativos á responsabilidade


Rankings de transparencia

No 2017 xorde Dyntra (Dynamic Transparency Index), unha plataforma colaborativa que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organizacións e na sociedade civil. O seu obxectivo é medir a información pública de Gobernos, Administracións Públicas, partidos políticos, cargos electos e diferentes actores sociais, dunha maneira dinámica, eficiente, transparente e aberta. Esta

social, rankings, premios e distincións e ao dereito de acceso á información pública. Todos eles con menos de 1.000 visitas e, polo tanto, por debaixo do 2%. Dentro do bloque “UVigo en cifras” atopamos un total de 15 subapartados. Dentro dos mesmos, son as titulacións oficiais, a páxina principal e a avaliación da satisfacción, con 17.086, 8.409 e 4.974 accesos respectivamente, os máis visitados.

organización avalía un total de 132 indicadores para determinar o grao de transparencia das universidades. Na avaliación realizada no mes de novembro de 2018, a Universidade de Vigo acadou a novena posición, cumprindo o 62,88% zados indicadores.

Dereito de acceso



urante o 2018 recibíronse un total de 20 solicitudes de datos conformes ás leis de transparencia, as cales foron estimadas e concedidas. Das solicitudes recibidas 14 foron asignadas á Secretaría Xeral e 6 á Unidade de Análises a Programas, 11 delas foron relativas á documentación e 7 a datos. Os temas dos que tratan son variados, dende datos relativos a cuestións académicas, tales como número de persoas matriculadas, datos do Sistema de Información á dirección, notas medias ou POD. Tamén destacan as informacións solicitadas sobre cuestións

económicas, dende convenios con bancos ou información sobre gastos públicos ata información sobre persoal, por exemplo, listas de contratación e datos PAS e PDI non fixos.

O tempo medio de resposta foi de 22 días. Facendo unha análise polo miúdo podemos salientar os seguintes datos sobre as solicitudes recibidas: 6 son respondidas nos 10 primeiros días da recepción das mesmas; 17 son contestadas dentro dos 30 días de prazo que estipula a normativa; 1 foi contestada en prazo, tras unha ampliación do mesmo e 2 foron contestadas pasado o prazo máximo de resolución.

Estas dúas solicitudes contestadas fóra de prazo foron realizadas, en segunda instancia, a través da Comisión de Transparencia de Galicia, despois de ter feita a solicitude no rexistro da Universidade de Vigo e ter transcorrido o tempo de resposta sen obter contestación.

